

LOTO PALABRA

REGRAS DO XOGO

(2.º trimestre)

- ✦ Cada vez que un alumno/a leve en préstamo, devolva ou renove un libro, daráselle unha pegatina cunha palabra que irá pegando nunha cartolina.
- ✦ O alumnado poderá coller a cartolina na biblioteca a partir da última semana de xaneiro e renova-la cada vez que a precise.
- ✦ Ao logo dos meses que dure o concurso celebraranse **cinco sorteos**. Os venres no primeiro recreo poñeranse no taboleiro que está fóra da biblioteca, as definicións das palabras que saíron no sorteo celebrado o xoves anterior.
- ✦ O posuidor ou posuidora da palabra á que corresponda a definición exposta no taboleiro deberá ensinar a pegatina no transcurso dese primeiro recreo.
- ✦ En cada sorteo saíran catro palabras. Cada vez que se celebre un sorteo, cambiarase a cor das palabras que se van repartir.
- ✦ As datas da exposición das palabras son:
 - 22 de febreiro
 - 15 de marzo
 - 12 de abril
 - 3 de maio
 - 24 de maio
- ✦ **PREMIOS:** Unha consumición na cafetería.

O presebe de Belén


A recente publicación do libro de Benedicto XVI, "A infancia de Xesús", vén de xerar unha grande polémica en todo o mundo. O motivo é a afirmación do Papa de que os evanxeos non citan a existencia da mula e mais o boi no portal de Belén.

Que pode supoñer tal afirmación? Toda a nosa iconografía do Nadal, toda a nosa tradición belenista tirada polo chan? Non é tan grande o problema tendo en conta que todos, algunha vez na nosa vida, sucumbimos á tentación de alterar esta iconografía engadindo algún que outro elemento totalmente alleo. Seguramente ninguén se alarmou cando viu perfectamente integrado no belén, por exemplo, un click de Famóbil, un gormitti ou mesmo a Bob Esponxa.

San Lucas describe o nacemento de Xesús sen dar moitos detalles: " *Sucedeu que estando eles alí, cumpríronse os días para que ela parise, e pariu o seu fillo primoxénito, e envolveuno en cueiros e deitouno nun presebe porque non tiñan sitio na pousada.* "

Así pois San Lucas non fala da mula nin do boi, animais que foron engadidos no século XIII por San Francisco quen, xa é sabido, era moi amante dos animais.

Entón... que facemos? Quedarán soños a mula e o boi na caixa onde gardamos as figuriñas o resto do ano? Dende a biblio avogamos por eles porque están dentro da nosa tradición e as tradicións cando son fermosas deben preservarse. **B.A.**



Abrapalabra*

Biblioboletín número 4 – Nadal 2012

Refráns e ditos populares

De Santos a Nadal é o inverno natural.

Entre Nadal e xaneiro, inverno verdadeiro.

As chuvias de Nadal, non fan mal.

Decembro mollado, xaneiro xeado.

Nadal chuvioso, xaneiro ventoso.

Friaxe no Nadal, non fai mal.

Cando Nadal nada, sinal de boa anada.

Deus nacido, días crecidos.

Díxolle o neno a San Xoán, de ti a min minguarán, de min a ti medrarán.

O coello polo San Xoán e a perdiz polo nadal.

Polo Nadal cada ovella ao seu curral.

De San Tomé a San Matías poden as noites cós días.

Santa Lucía quítalle á noite e ponlle ó día.

San Silvestre, meigas fóra!

SUMARIO

Textos

Refráns e ditos populares

O presebe de Belén

Información

Autor recomendado: Philip Pullman

Selección da biblioteca.

Concurso: LOTOBIBLIOTECA

Autor recomendado

Philip Pullman



Este profesor e escritor británico declárase “**afervoadado crente na democracia da lectura**”. Iso significa que cando a xente lle pregunta o que quere dicir coas súas historia fantásticas, ou cal é a mensaxe que intenta transmitir, el só ten que explicar que non o vai explicar.

Dende hai máis dunha década, Philip Pullman é mundialmente coñecido por ser o autor da triloxía narrativa **A materia escura**. Máis que á fantasía de Tolkien, a súa obra inspírase nos mestres do século XIX como Jules Verne. Descóbreo proximamente na biblioteca:



A AURORA BOREAL



O COITEIRO SUTIL



O ANTEOLLO DE ÁMBAR

Páxina oficial

<http://www.patrickrothfuss.com>




Donde los árboles cantar

AUTORA: LAURA GALLEGO

Localización: LIJ/GAL/don

Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil 2012. Novela de aventuras e amor ambientada no Medievo.




O clan da loba

AUTORA: MAITE CARRANZA

Localización: LIX/CAR/cla

Primeiro libro da triloxía “A guerra das bruxas”. Dende tempos inmemoriais, os clans das bruxas Omar viviron ocultándose das sanguinarias bruxas Odish, á espera da chegada da elixida pola profecía.



Engurras


AUTOR: PACO ROCA

Localización: 82-TBO/ROC/eng

Premio Nacional de Cómic 2008

Unha historia sobre a vellez, o aburrimiento, o Alzhéimer. Levada ao cine gañou o Goya á mellor película de animación e ao Mellor Guión Adaptado 2012.

Consulta o catálogo da biblioteca na rede
<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/>



El profesor de música

AUTOR: HASSAN, Yaël

Localización: LIJ/HAS/pro


Unha bonita historia que conta a relación entre un vello profesor xudeu de música, a piques de xubilarse e un neno musulmán que está empeñado en aprender a tocar o violín.



La estrategia del agua

AUTOR: LORENZO SILVA

Un bo momento para achegarse a Lorenzo Silva recente gañador do Premio Planeta 2012 pola súa novela *La marca del meridiano*. O brigada Bevilacqua e a súa compañeira Chamorro terán que enfrontarse novamente a un caso de asasinato.



O hobbit

AUTOR: TOLKIEN

Localización: LIX/TOL/hob

Ó hobbit Bilbo Bulseiro gústalle a vida cómoda e tranquila do seu burato-hobbit, onde almorza, merenda e cea varias veces ó día. Pero a inesperada visita do mago Gandalf fai espertar no seu interior o espírito aventureiro dos seus devanceiros.